

que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e Orde do 8 de maio de 2006 (DOG nº 99, do 25 de maio), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

**RESOLVO:**

Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de concurso de méritos, os postos de persoal diplomado sanitario que se relacionan no anexo I desta resolución. As bases da citada convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios do Hospital Virxe da Xunqueira e na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

As solicitudes, segundo modelo de instancia que se publica como anexo IV das bases, e a documentación anexa que conteña a xustificación dos requisitos e méritos alegados deberán presentarse no Rexistro Xeral do Hospital Virxe da Xunqueira, sito na área de dirección, dirixidas ao director do hospital, no prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte á data da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Asimesmo, poderán presentarse a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cee, 16 de marzo de 2009.

Francisco José Pazos Soto  
Director xerente do Hospital Virxe da Xunqueira

**ANEXO I**

Denominación do posto: supervisor/a de unidade de enfermaría de Hospitalización Médico-Cirúrxica.  
Número de vacantes: 1.

Denominación do posto: supervisor/a de unidade de enfermaría de Hospitalización Médica.  
Número de vacantes: 1.

Denominación do posto: supervisor/a de unidade de enfermaría do Bloque Cirúrxico.  
Número de vacantes: 1.

Denominación do posto: supervisor/a de unidade de enfermaría de Urgencias.  
Número de vacantes: 1.

Denominación do posto: supervisor/a de unidade de enfermaría de Consultas Externas e Diálise.  
Número de vacantes: 1.

Denominación do posto: supervisor/a de unidade de enfermaría de Servizos Centrais e Calidade.  
Número de vacantes: 1.

*Resolución do 24 de marzo de 2009, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se declaran, con carácter definitivo, os aspirantes admitidos e excluídos para participar no concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario deste organismo.*

Por resolución deste centro directivo do 16 de febreiro de 2009 (DOG nº 39, do 25 de febreiro), decláranse con carácter provisional os aspirantes admitidos e excluídos para participar no concurso oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do organismo, convocado por diversas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro).

Rematado o prazo previsto para corrixir, se é o caso, o defecto que motivou a súa exclusión, procede agora, de conformidade co disposto no número 3 da base cuarta da convocatoria, ditar resolución en que se publican as listaxes definitivas de aspirantes admitidos e excluídos para cada categoría convocada sinalando os lugares onde poder ser examinadas.

Por todo iso, esta división

**ACORDA:**

Primeiro.-Publicar as listaxes definitivas de aspirantes admitidos e excluídos nas categorías de facultativo/a especialista de área de alergoloxía, facultativo/a especialista de área de análises clínicas, facultativo/a especialista de área de anatomía patolóxica, facultativo/a especialista de área de anesthesioloxía e reanimación, facultativo/a especialista de área de anxioloxía e cirurxía vascular, facultativo/a especialista de área de aparello dixestivo, facultativo/a especialista de área de cardiología, facultativo/a especialista de área de cirurxía cardiovascular, facultativo/a especialista de área de cirurxía oral e maxilofacial, facultativo/a especialista de área de cirurxía pediátrica, facultativo/a especialista de área de cirurxía plástica, estética e reparadora, facultativo/a especialista de área de cirurxía torácica, facultativo/a especialista de área de cirurxía xeral e aparello dixestivo, facultativo/a especialista de área de dermatoloxía médico-cirúrxica e venereoloxía, facultativo/a especialista de área de endocrinoloxía e nutrición, facultativo/a especialista de área de farmacia hospitalaria, facultativo/a especialista de área de hematoloxía e hemoterapia, facultativo/a especialista de área de medicina física e rehabilitación, facultativo/a especialista de área de medicina intensiva, facultativo/a especialista de área de medicina interna, facultativo/a especialista de área de medicina preventiva e saúde pública, facultativo/a especialista de área de microbioloxía e parasitoloxía, facultati-

vo/a especialista de área de nefroloxía, facultati-  
vo/a especialista de área de neumoloxía, facultati-  
vo/a especialista de área de neurofisioloxía clínica,  
facultativo/a especialista de área de neuroloxía,  
facultativo/a especialista de área de obstetricia e  
xinecoloxía, facultativo/a especialista de área de  
oftalmoloxía, facultativo/a especialista de área de  
oncoloxía médica, facultativo/a especialista de  
área de oncoloxía radioterápica, facultativo/a espe-  
cialista de área de otorrinolaringoloxía, facultati-  
vo/a especialista de área de pediatria e as súas  
áreas específicas, facultativo/a especialista de área  
de psicoloxía clínica, facultativo/a especialista de  
área de psiquiatría, facultativo/a especialista de  
área de radiodiagnóstico, facultativo/a especialista  
de área de radiofísica hospitalaria, facultativo/a  
especialista de área de reumatoloxía, facultativo/a  
especialista de área de traumatoloxía e cirurxía  
ortopédica, facultativo/a especialista de área de  
uroloxía, facultativo/a especialista de área de  
xeriatría, farmacéutico/a de atención primaria,  
médico/a coordinador/a 061, médico/a de familia  
de atención primaria, médico/a de urxencias hospi-  
talarías, médico/a especialista en medicina do tra-  
ballo, odontólogo/a de atención primaria, pediatra  
de atención primaria de persoal estatutario do Ser-  
vizo Galego de Saúde, convocado polas diversas  
resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego  
de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247,  
do 22 de decembro).

Segundo.-As listaxes coa relación definitiva de  
aspirantes admitidos e excluídos poderán examinar-  
se nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e  
periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo  
Galego de Saúde, nos dos centros de xestión de aten-  
ción primaria e especializada do Servizo Galego de  
Saúde e na páxina web do Servizo Galego de Saúde  
(www.sergas.es).

Terceiro.-Contra esta resolución poderase interpo-  
ñer recurso potestativo de reposición ante o devan-  
dido órgano no prazo dun mes contado desde o día  
seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de  
Galicia*, de conformidade co establecido na Lei  
30/1992, do 26 de novembro, ou poderase interpo-  
ñer directamente recurso contencioso-administrati-  
vo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do  
Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de  
dous meses contados desde a mesma data, de con-  
formidade co disposto no artigo 8.2º da Lei  
29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1º  
do mesmo texto legal.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2009.

Antonio José Fernández Paniagua  
Director xeral da División de Recursos Humanos  
e Desenvolvemento Profesional

*Anuncio do 13 de marzo de 2009, da Xeren-  
cia Xeral do Complexo Hospitalario de  
Pontevedra, polo que se procede a dar publi-  
cidade á resolución da mesma data pola  
que se resolve a convocatoria pública para a  
provisión do posto de xefe do Servizo de Coi-  
dados Intensivos (UCI) deste centro.*

Convocada a provisión, polo sistema de avaliación  
colexiada, dun posto de traballo vacante no Comple-  
xo Hospitalario de Pontevedra, de conformidade co  
previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de  
provisión de prazas de persoal estatutario, e na Orde  
do 24 de maio de 2006 pola que se establecen as  
bases do procedemento para a provisión dos postos  
de xefatura e coordinación das institucións sanitarias  
do Servizo Galego de Saúde, a xerencia xeral, en vir-  
tude das competencias atribuídas polo Decre-  
to 46/2006, do 23 de febreiro, polo que se establece a  
estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e a  
Orde do 8 de maio de 2006 (*Diario Oficial de Gali-  
cia* nº 99, do 25 de maio), sobre delegación de com-  
petencias en órganos centrais e periféricos do Servi-  
zo Galego de Saúde, resolve adjudicar o posto con-  
vocado á persoa que se indica no anexo desta reso-  
lución.

Pontevedra, 13 de marzo de 2009.

María Codesido López  
Xerente xeral do Complexo Hospitalario  
de Pontevedra

#### ANEXO

Posto de traballo: xefe do Servizo de Coidados Inten-  
sivos (UCI).

Nome e apelidos: Cristóbal José Galbán Rodríguez.

DNI: 45058620-X.

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 13 de marzo de 2009, da  
Dirección Xeral da Función Pública, pola  
que se emprazan os interesados no recurso  
contencioso-administrativo P.A. 162/2008,  
interposto por Ana María Vega González.*

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu do  
Xulgado do Contencioso-Administrativo número un